

A Xunta nega que incumpra o plan das universidades en materia de taxas

PARLAMENTO O secretario xeral de Universidades, José Alberto Díez de Castro, negou onte que a Xunta estea a incumprir o plan de financiamento das universidades. O representante da Consellería de Educación explicou que se "detraen" fondos baseándose nas previsións de incremento de ingresos pola suba das matriculas (no caso de Galicia, no último ano non aumentaron na pri-

meira, pero si na segunda, terceira e cuarta) e cando as universidades presentan as certificacións das taxas cobradas se "compensan" as cantidades. Así o dixo en comisión parlamentaria, en resposta a unha pregunta da deputada do PSdeG Concepción Burgo, que sinalou que nos presupostos de 2013 se retiraron ás universidades galegas cinco millóns en concepto de suba de matriculas. Pe-

ro, continuou, posteriormente a Xunta decidiu conxelar as taxas de primeira matrícula, polo que "non se puido producir un incremento de ingresos". En 2014 aconteceu o mesmo, pero a cantidade é de dous millóns, engadiu. A socialista reclamou a rebaixa das taxas universitarias (que o curso que vén seguirán conxeladas) e a suba do orzamento universitario. **E.P.**



Encontro de internacionalización das universidades españolas

CRUE Santiago acolleu o xoves e o venres o encontro da comisión de internacionalización e cooperación das universidades españolas, aínda baixo a presidencia do reitor en funcións da USC, Juan Casares. Entre outros asuntos, afondouse nos detalles do programa Erasmus da man dun experto da Comisión Europea. **eco**

14 GALICIA

EL CORREO GALLEGO

SÁBADO
10 DE MAYO DE 2014



Alfredo Bermúdez de Castro, na Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago Foto: Sara Piñeiro

ALFREDO BERMÚDEZ DE CASTRO Asesor da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+i)

“Non debemos basear a economía en ser só un país para vacacións”

I. CASAL / O. VILAR
Santiago

O catedrático da Universidade de Santiago de Compostela (USC) Alfredo Bermúdez de Castro será un dos oito científicos de recoñecido prestixio que asesorará nos vindeiros catro anos á Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+i) en política científica. O profesor de matemática aplicada será membro da comisión nomeada con este fin polo Ministerio de Economía e Competitividade, que recoñece así tanto a calidade investigadora como a experiencia

do científico en materia de transferencia de coñecemento ao tecido empresarial, a gran materia pendente, ao seu xuízo, en política de I+D+i en España. O matemático foi coordinador da área de transferencia de tecnoloxía na Axencia Nacional de Avaliación e Prospectiva (ANEP) e un dos promotores do Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (Itmat), consorcio público creado polas universidades galegas para transferir coñecemento matemático ás empresas.

Vai ser asesor de política científica nun momento malo para a

ciencia en España. Cal é para vostede o principal problema?

Ao meu modo de ver o problema fundamental son as restricións en materia de recursos humanos. Estase impedindo que entre xente nova no sistema de ciencia e se cadra agora non se nota, pero pode ser totalmente dramático a medio prazo. Este país fixo un esforzo enorme nos últimos trinta anos para poñerse no lugar que lle corresponde, polo tamaño da súa economía, en produción científica. Deuse un salto espectacular. Sería terrible para o país que todo isto se destruíse por estas restricións.

Daquela imaxino que no seu labor de asesoramento recitará que se elimine canto antes a taxa de reposición, do 10%, que rexe para todo o persoal docente e investigador do sector público.

Sería fundamental, hai que flexibilizala. Hai que ter en conta ademais que o índice de reposición non se emprega só para repórter, senón para promocionar xente que xa está no sistema, así que nin sequera o 10% das xubilacións supoñen a entrada de xente. Para min é o punto máis grave da situación actual. Temos xente nova moi ben formada que está marchando ao estranxeiro. Iso é unha sangría para o país.

Vostede foi elixido como asesor en parte pola súa experiencia en materia de transferencia de coñecemento ao tecido produtivo.

Mellorar a transferencia de coñecemento será outra das miñas preocupacións no seo da comisión. O primeiro problema neste caso é que partimos dunha situación moi mala. Cando en produción científica España chegou a ter bos resultados, os indicadores de transferencia aínda eran baixos. Fíxose un esforzo importante antes da crise e achegáronse moitos cartos e recursos para potencia-la. As cousas ían mello-rando, pero agora certamente hai un parón. As empresas non están pensando en investir en transferencia. Se cadra gustaríalles, pero teñen que vivir o día a día (...). É necesario que se volva poñer cartos para a transferencia, que haxa programas [públicos] mobilizadores, que confinancien.

E Galicia, como o está a facer neste asunto?

Afortunadamente, cos fondos europeos púxose en marcha un programa importante, o Interconecta, que financia investigación para as empresas. Nós traballamos en varios proxectos deste tipo, esenciais cando se fala de que hai que cambiar o modelo produtivo. Teño que confiar en que o país realmente quere ese cambio, porque non deberíamos ser un país que simplemente teña unha economía baseada en ser o país de vacacións de Europa, que só suba o emprego cando o turismo vai mellor. E para iso hai que cambiar de mentalidade. É certo

“Temos xente nova moi ben formada que está marchando fóra. Iso é unha sangría para o país”

Se segue impedíndose o relevo xeracional do persoal, a USC pode ir “a menos pouco a pouco”, alerta

que a estrutura empresarial, con moitas pequenas empresas, non favorece o cambio, por iso programas como o Interconecta son tan enriquecedores.

Cal diría que é o punto forte, se é que o hai, para que España mello-re por fin neste apartado?

O que ten cambiado moito, e iso si que é un punto forte cando menos comparativamente co pasado, é a mentalidade nas universidades e centros de investigación. Houbo un tempo no que a universidade estaba totalmente de costas ao sistema produtivo. A partir dos 80, coa Lei de Reforma Universitaria, foron posibles os contratos con empresas, nas universidades creáronse as oficinas de transferencia, programas de apoio ao emprendemento...

Na última edición do ranking de Leiden, a Universidade de Vigo adianta á de Santiago en investigación. Como interpreta estes resultados?

Rankings e indicadores hai moitos, e tamén hai a posibilidade de xogar a ter bos indicadores. Eu nestas cousas, que me parecen importantes, só creo relativamente. A de Vigo é indubidablemente unha boa universidade, dinámica e con bos resultados, pero cústame crer que globalmente estea por diante en impacto investigador. Dito isto, non quita que haxa que ter coidado coa evolución a medio e longo prazo. Neste sentido, a USC ten un enorme potencial nalgúñas áreas, pero ten un problema máis grave ca outras universidades máis novas, que é o avellentamento do cadro de persoal. Se non se resolve o problema de incorporación de xente nova, si que se corre o risco de que a USC vaia a menos pouco a pouco, ese é un risco clarísimo.